

ANEXO I OS PRAZOS

DE ADMISIÓN:

P.1 Admisión polo procedemento do apartado 2.1:

Haberá que solicitar a admisión segundo o calendario aprobado pola **CiUG** para o Sistema Universitario de Galicia (<http://ciug.gal/PDF/cartelcalendario2019.pdf>)

P.2 Admisión polo procedemento dos apartados 2.3, 2.4, 2.6, 2.9 e 2.10:

O prazo de presentación de solicitudes será o mes de xuño cumprindo os requisitos en dito prazo e resolveranse antes do 31 de xullo.

- A quen solicite admisión tendo pendentes cualificacións e resulte admitido poderá pedir que se lle recoñezan eses créditos sempre que o faga nos 15 días seguintes ao ter completado o expediente. Os centros resolverán esta nova solicitude antes do 30 de setembro.
- Cando resulten prazas sen cubrir, e existan solicitudes presentadas en prazo que non foron resoltas favorablemente ao estar pendentes de cualificacións, unha vez completado o expediente, as persoas afectadas poderán solicitar a revisión da súa situación. Os centros poderán atendelas e resolvelas antes do 30 de setembro.
- Ademais, cando resulten prazas sen cubrir para o procedemento establecido no apartado 2.6, será decisión dos órganos de dirección permitir cambios entre centros fóra de prazo.

P.3 Admisión polo procedemento do apartado 2.7:

- Prazo de presentación de solicitudes: do 10 ao 21 de xuño
- Publicación de listaxes provisionais de solicitudes admitidas a trámite: 26 de xuño
- Prazo de presentación de reclamacións: o 27 e 28 de xuño
- Publicación de listaxes definitivas de solicitudes admitidas a trámite: 4 de xullo
- Publicación de listaxes provisionais de persoas admitidas a matricularse: 5 de xullo
- Prazo de presentación de reclamacións: o 8 e 9 de xullo
- Publicación de listaxes definitivas de persoas admitidas a matricularse: 12 de xullo

No caso de haber menos persoas admitidas que prazas ofertadas nos **cursos ponte** os centros poderán admitir solicitudes fóra de prazo sempre que a admisión poida ser resolta e a matrícula formalizada antes de que remate o período ordinario de matrícula indicado no apartado P.7.

P.4 Admisión polo procedemento do apartado 2.8

O prazo de presentación de solicitudes para realizar **RFC** dependerá da opción elixida:

- Proba de aptitude, período de prácticas ou realización dun proxecto ou traballo: ao longo do curso académico e alomenos 15 días antes de calquera delas.
- Asistencia a cursos tutelados: no prazo de matrícula establecido no apartado P.7 deste mesmo anexo.